# Unidade didáctica para Educación Infantil e Primaria




FEP Fundación Eduardo Pondal

**ACTIVIDADES:**
MARÍA BARCA GÓMEZ
MARTA BARCA GÓMEZ
ALEJANDRA CAMPO PENÍN
MARÍA JOSÉ FDEZ. DE SANMAMED MANEIRO

**ILUSTRACIÓNS:**
CARLOS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

**MATERIAL GRÁFICO:**
REAL ACADEMIA GALEGA
FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL

FEP Fundación
Eduardo Pondal

# EDUARDO PONDAL

QUINTO e SEXTO

O poeta Eduardo María González Pondal e Abente, coñecido como Eduardo Pondal, nace o 8 de febreiro do ano 1835 en Ponteceso.

Os seus pais, Xoán e Ánxela, que eran de Laxe, foron emigrantes en Arxentina. Cando volven a Galicia, instálanse en Ponteceso, onde fan unha casa á beira do río Anllóns.

Eduardo era o máis novo de sete irmáns, cinco mulleres e dous homes. Ao morrer a súa nai cando el ten un ano, edúcano as súas cinco irmás mulleres.

Cando empeza a escola marcha para Nemiña, onde un parente cura, don Cristóbal de Lago, é quen lle aprende matemáticas, gramática e un pouco de grego e latín.



Eduardo Pondal, xunto con Rosalía e Curros, é un dos grandes autores do Rexurdimento Galego, movemento que reivindicou o uso e normalización do noso idioma.

Para estudar o Bacharelato marcha a Santiago de Compostela, onde despois estuda Medicina. Alí xúntase no «Liceo de la Juventud» con escritores como Rosalía de Castro, Manuel Murguía ou Aurelio Aguirre.

Cando acaba de estudar traballa de médico durante uns tres anos.

En 1964 deixa o traballo de médico e adícase só a escribir. Ademais de libros, colabora cos seus poemas en moitas publicacións como xornais, revistas ou calendarios.

Vive en Ponteceso pero vai moito á cidade da Coruña, onde forma parte de varias tertulias como «A cova Céltica» na Librería Carré ou o «Círculo de Artesanos».




«A campana de Anllóns», de Eduardo Pondal, foi publicada pola imprenta de Carré, en 1895.

O seu libro máis coñecido é «Queixumes dos Pinos», que publicou no ano 1886. Outros dos seus libros son: «A fada dos montes» (1872), «A campana de Anllóns» (1895) ou «O dolmen de Dombate» (1895). Outro dos seus libros máis coñecido é «Os Eoas», que se publicou no ano 2005, é dicir, cando xa non estaba vivo.

No ano 1890, o músico Pascual Veiga pídelle a Pondal un poema para presentar coa súa música a un concurso na cidade da Coruña. Compón para a ocasión o poema «Os pinos». En 1907 a composición de Veiga será estreada na Habana (Cuba) e considerada dende entón himno de Galicia. En 1981 será legalizada como himno oficial polo Estatuto de Galicia. Foi membro numerario da Real Academia Galega e en 1910 a Academia de la Poesía Española noméao membro honorario.

Pondal participou no banquerte de Conxo no que se homenaxeou á clase traballadora.

Morre na Coruña o 8 de marzo do ano 1917. Alí está enterrado no cemiterio de San Amaro.

En 1965 adicóuselle o Día das Letras Galegas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá que se declare o ano 2017 como Ano de Eduardo Pondal.

Monumento a Pondal na cidade da Coruña sufragado pola Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns en 1925.

1.- Busca na sopa de letras sete palabras relacionadas coa biografía de Eduardo Pondal e completa as oracións.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R | Q | L | F | P | M | Ñ | O | A |
| E | M | E | D | I | C | O | Q | N |
| B | U | T | S | N | V | A | F | L |
| G | D | R | B | O | L | C | M | L |
| V | X | A | U | S | I | A | L | O |
| Z | S | S | G | O | Q | C | D | N |
| H | I | M | N | O | F | L | E | S |
| T | U | L | D | C | Q | A | L | A |
| D | U | T | R | F | L | X | D | T |
| P | O | N | T | E | C | E | S | O |

**1**.- En 1965 foille adicado o Día das _____.

**2**.- Eduardo Pondal naceu en _____.

**3**.- Sacou unhas oposicións para _____.

**4**.- Os seus pais naceron en _____.

**5**.- O seu libro máis coñecido é «Queixumes dos _____».

**6**.- Unha parte do poema «Os pinos» é a letra do _____ galego.

**7**.- A súa casa está á beira do río _____.

2.- Arrodea as oracións verdadeiras e escribe correctamente as falsas.

**EDUARDO PONDAL MORRE NA CIDADE DA CORUÑA.**

**OS SEUS PAIS, XOSÉ E ÁNXELA, EMIGRARON A VENEZUELA.**

**NACE EN LAXE O 8 DE XANEIRO DO ANO 1835.**

**O SEU LIBRO MÁIS COÑECIDO É «QUEIXUMES DOS PINOS».**

**EDUARDO PONDAL ERA O MÁIS VELLO DE SEIS IRMÁNS.**

**O POEMA «OS PINOS» PON A LETRA AO HIMNO DE GALICIA.**

3.- Facemos unha caricatura? Unha caricatura é unha representación na que se presentan os rasgos dalguén dun xeito esaxerado.
Atréveste a caricaturizar a Eduardo Pondal?

4.- Emparellando datos. Pinta da mesma cor as parellas dos datos da biografía de Eduardo Pondal.

Os pais emigraron a...

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Morreu en...

Naceu en...

PONTECESO

A CORUÑA

A HABANA (CUBA)

Estudou Medicina...

Foi á escola en...

ARXENTINA

NEMIÑA

O noso Himno foi estreado en...

# A LINGUA TIVERAN




## QUINTO e SEXTO

A lingua tiveran
por lingua de escravos;
esqueceran os patrios acentos,
suidosos e brandos.

Dos propios acentos
tiveran vergoña;
de cautivos falaran palabras
de servos e ilotas.

Deixaran os doces
acentos xocundos,
por extrañas palabras de servos,
ignaros e escuros.

A nai aflixida
de escura miseria,
ós propios tomara
por xente extranxeira,
e espantada escuitara dos fillos
a plática serva.

# ACTIVIDADES

QUINTO e SEXTO

1.- A que lingua cres que se refire o autor?

_____

2.- Como eran os acentos segundo Pondal?

_____

3.- De que tiveran vergoña?

_____

4.- Por que tiveran á lingua?

_____

5.- Con que adxectivo se refire á nai?

_____

6.- Por que foi que deixaron os doces acentos xocundos?

_____

7.- Relaciona cada nome co seu adxectivo.

| | |
|---|---|
| NAI | EXTRAÑAS |
| ACENTOS | AFLIXIDA |
| PALABRAS | PATRIOS |
| MISERIA | ESCURA |

8.- Atopa na sopa de letras oito adxectivos que aparecen no poema.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Q | P | R | E | B | L | T | Ñ | U |
| E | S | C | U | R | O | F | P | E |
| A | T | Q | R | A | U | P | E | X |
| F | H | U | P | N | R | E | L | T |
| L | S | U | I | D | O | S | O | R |
| I | U | Ñ | G | O | Q | C | D | A |
| X | T | Q | N | P | F | U | E | Ñ |
| I | E | Ñ | A | R | Q | R | L | A |
| D | U | T | R | H | P | A | Q | R |
| A | Q | D | O | C | E | Ñ | E | T |

SUIDOSO, BRANDO, IGNARO, ESCURO, AFLIXIDA, DOCE, ESCURA, EXTRAÑA

9.- Serías quen de averiguar de onde son estas tres bandeiras?
Consulta na internet e coloréaas.

**CATALUÑA EUSKADI GALIZA**







10.- Sabes o que teñen en común Cataluña, Euskadi e Galiza? Arrodea as respostas verdadeiras.

**TEÑEN LINGUA PROPIA**

**A CAPITAL É BARCELONA**

**TEÑEN O CABO MACHICHACO**

**TEÑEN COSTA**

**UN DOS SEUS RÍOS É O MIÑO**

11.- Ollo, ollo, ollo! Imos formar unha oración seguindo as intrucións. Investiga e atoparás.

1. *1ª estrofa. 1º verso. Artigo determinado feminino.*
2. *3ª estrofa. 1º verso. Adxectivo en singular.*
3. *1ª estrofa. 2º verso. Substantivo feminino.*
4. *2ª estrofa. 3º verso. O verbo en participio.*
5. *1ª estrofa. 2º verso. Contracción por + as.*
6. *4ª estrofa. 1º verso. Substantivo en plural.*
7. *4ª estrofa. 4º verso. Adxectivo en plural.*

_____

_____

*(A doce lingua falada polas nais estranxeiras)*

11.- Observa esta árbore xenealóxica e completa as oracións.




***Saleta é a*** _____ ***de Antía e*** _____.

***Brais e Sara son*** _____.

***Xan é o*** _____ ***de Ramón.***

***Xosé e Antón son*** _____.

***Antía é a*** _____ ***de Saleta e Ramón.***

***Roque, Brais e Icía son*** _____ ***de Xosé e Antía.***

# OS PINOS

¿Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

- Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais só os ignorantes,
e feridos e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden, non.



# ACTIVIDADES

QUINTO e SEXTO

1.- Quen entende a nova voz?

_____

2.- Que nome propio aparece no texto?

_____

3.- Que fenómeno meteorolóxico atopas no texto?

_____

4.- Busca no texto adxectivos que serven para definir persoas.

_____

5.- Breogán é o nome dun antigo rei celta. Serías quen de colocar no mapa estes territorios celtas? Colorea cada lugar da cor que lle corresponda.

**IRLANDA** — *verde*
**CORNUALLES** — *azul*
**PAÍS DE GALES** — *vermella*
**ILLA DE MAN** — *amarela*
**BRETAÑA** — *castaña*
**ASTURIAS** — *negra*
**GALICIA** — *laranxa*



6.- Localiza na sopa de letras as palabras que faltan en cada frase ou oración do poema *Os pinos* e escríbeas onde corresponda.

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Q | A | X | R | U | L | P | I | | T | Ñ | R |
| B | R | E | O | G | A | N | P | | O | G | U |
| | U | N | | V | E | R | D | O | R | L | M |
| P | M | E | O | U | Q | L | V | H | | F | O |
| V | E | R | D | E | C | E | N | T | E | L | R |
| O | D | O | H | L | | I | F | T | P | S | O |
| | | S | W | Q | F | Ñ | D | U | O | G | S |
| Ñ | C | O | P | A | S | U | T | L | I | T | O |
| | P | S | | A | S | T | R | O | S | | S |

a. *Desperta do teu sono, fogar de* _____.

b. *Os bos e* _____ *a nosa voz entenden.*

c. *Que din os*_____ *na costa* _____.

d. *As altas* _____ *de escuro* _____ *arpado.*

e. *Do teu* _____ *cinguido e de benignos* _____.

7.- Saberías clasificar estas plantas en árbores ou en arbustos?

**PIÑEIRO, SALGUEIRO, CARBALLO, FAIA, TOXO, FIUNCHO, CASTIÑEIRO, LOUREIRO, SILVA**

**ÁRBORES**

**ARBUSTOS**

8.- Localiza os verbos que aparecen no poema e clasifícaos segundo a súa conxugación.

**1ª CONXUGACIÓN**

**2ª CONXUGACIÓN**

**3ª CONXUGACIÓN**

Concello
de
PONTECESO

FEP Fundación
Eduardo Pondal

Deputación
DA CORUÑA